




# Os Bolechas

guias

PEPE CARREIRO

## A Língua de Signos



# os bolechas

PEPE CARREIRO



### Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)

## A Lingua de Signos




Carlos tapa as orellas para non oír nada.  
Quere saber que pasaría se fose **xordo**.

Se fose xordo, non  
oiría a **música**.



Nin o que falan os  
**debuxos animados**.

Nin o que  
lle di **Pili**.



## AS PERSOAS XORDAS

As persoas xordas son as que teñen dificultades **para oír e para falar usando a voz.**



Algunhas oen un pouco e utilizan **audiófonos e implantes cocleares** para oíren mellor, como Margarida.



E outras **non oen nada**, como Celso.

As persoas **xordocegas**, como Noa, ademais de non oíren, tampouco ven.




As persoas xordocegas levan un bastón branco e vermello.




Pero as persoas xordas comunícanse moi ben usando a **Lingua de Signos**.  
"Que tal?", dinos Celso.

## A COMUNICACIÓN SEN PALABRAS

Todas as persoas facemos **xestos** para comunicarnos **sen usar palabras**: coas mans, coa cara ou co corpo. Incluso os animais.



Loli pon o **dedo diante da boca** cando quere que calemos.



Tatá **bota os brazos** cando quere que o collan no colo.

Chispa **estírase e abre a boca** cando quere xogar.



## A LINGUA DE SIGNOS

A Lingua de Signos usa as **mans**, as **expresións da cara** e os **movementos do corpo**.


Parecen xestos, pero son **signos**. É a lingua que usan as persoas xordas.

As linguas de signos son **distintas** en cada parte do mundo.



## INTÉRPRETES DE LINGUA DE SIGNOS

Os intérpretes son persoas que saben **traducir a Lingua de Signos a palabras.**



Celso interpreta un mozo namorado no festival da escola.  
A intérprete tradúcelle a Lingua de Signos a palabras.

E ao revés. Tamén saben **traducir as palabras á Lingua de Signos.**



Sonia interpreta unha moza namorada no festival da escola.  
A intérprete tradúcelle as palabras á Lingua de Signos.

## TODOS PODEMOS FALAR A LINGUA DE SIGNOS

Igual que aprendemos inglés ou outra lingua calquera, **tamén podemos aprender a Lingua de Signos.**

Loli está a facer o signo APRENDO.




Imos aprender algúns signos.

## OS SAÚDOS



Ola

Ábrese e  
cérrase  
a man.



Adeus

Xírase a  
man aberta  
cara á  
abaixo.



Por favor



Grazas




Como te chamas?




Cando foi?



Mamá



Papá




Cando será?



Onde?




Avoa ou avó



Irmá ou irmán

## OS ANIMAIS




Vaca



Ábrese e  
cérrase a  
man diante  
da boca.

Pato



Amarelo



Vermello



Can



Móvese  
unha man  
como se  
rabuñase  
a outra.

Gato



Verde




Azul

## AS CORES

## AS PERSOAS XORDAS PODEN FALAR COAS PERSOAS QUE NON SABEN A LINGUA DE SIGNOS?

Si, algunhas persoas xordas poden entender as palabras **fixándose na boca** das persoas que falan con elas.



Margarida mira a boca de Pili para saber o que lle está a dicir.



Se queremos falar cunha persoa xorda temos que facelo así:

de fronte



con luz



nin moi rápido  
nin moi lento



sen tapar a boca



## OUTRAS MANEIRAS DE COMUNICARNOS

As persoas xordas e as persoas que oen poden comunicarse **moi facilmente**.

Estes son algúns exemplos:

Para chamar unha persoa que está cerca, **tocámoslle o brazo, o ombro ou unha perna** (nunca na cabeza).



Para chamar unha persoa que está lonxe, **acenamos cos brazos**.



Para chamar unha persoa dentro da casa, **apagamos e encendemos a luz**.



Para sinalar falta nun partido, a árbitra **axita un pano**.



Para aplaudir, **axitamos as mans**.



## A LINGUA DE SIGNOS APOIADA

As persoas xordocegas comunícanse co **tacto**, aínda que algunhas son capaces de **ver de cerca** os xestos da Lingua de Signos.

As persoas xordocegas comunícanse coas mans. É a Lingua de Signos Apoiada.



Coas mans pódense facer todas as letras e **formar palabras** con elas. Estas son as vogais:



## ALGUNHAS AXUDAS

Hai moitas cousas que **axudan** as persoas xordas. E son cousas moi fáciles de poñer:



Un **espertador luminoso** ou con vibrador.



Un **timbre luminoso** na escola.

Un **timbre luminoso** na porta da casa.



Letreiros informativos.

Películas con subtítulos e con intérprete de lingua de signos.




Videochamadas.




## LEMBRA



As persoas xordas teñen dificultades para oír e para falar usando a voz.



As persoas sabemos comunicarnos sen palabras. Tamén os animais.



A lingua de Signos é a lingua das persoas xordas.



Os intérpretes traducen as palabras á Lingua de Signos, a ao revés.



Todos podemos falar a Lingua de Signos.



Algunhas persoas xordas entenden as palabras fixándose na boca.



Hai outras maneiras de comunicarnos.



As persoas xordocegas comunicáanse coas mans.



Hai moitas cousas que axudan as persoas xordas.

## os bolechas

PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas Amparo



Papá Bolechas Daniel



Avoa materna Balbina



Avó materno Marcelo



Avoa paterna Flora



Avó paterno Emiliano



Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño

# os bolechas<sup>®</sup>

PEPE CARREIRO

